

Presentación

A RTE + COLECCIONISMO deu título ás xornadas realizadas en novembro de 2015, englobadas no conxunto de actividades deseñadas e promovidas pola Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega.

Un proxecto que se desenvolveu entre 2009 e 2015 co propósito de analizar e reflexionar sobre os aspectos que afectan á arte contemporánea e que se presentou xenericamente coa denominación: ARTE+. Así se fixo en ARTE + ESPAZO PÚBLICO, ARTE + NARRATIVA GRÁFICA, ARTE + GRANDES EVENTOS, ARTE + PINTURA, ARTE + MULLERES, ARTE + EDUCACIÓN..., por citar algunhas das distintas xornadas, foros e cursos realizados polo Consello da Cultura Galega, moitos deles posteriormente editados en publicacións e informes.

ARTE + COLECCIONISMO segue esta mesma liña de introducirmos e reflexionar sobre un dos factores fundamentais do sistema artístico actual, neste caso o coleccionismo, unha das bases nas que se asenta o ámbito da arte, o que, xunto coa figura do coleccionista, constitúe un elemento esencial no proceso creativo do artista.

Como xa apuntamos na presentación do programa destas xornadas, pareceunos importante coñecer o estado do coleccionismo nun momento de complexidade socioeconómica e dunha fiscalidade adversa, nun ámbito marcado pola ausencia de lexislación reguladora do mecenado e polo clima desilusionante no proceso de institucionalización da arte contemporánea que vimos construírse, desde os anos 80, coa chegada da democracia a España.

Este establecemento e a normalización da arte contemporánea supuxeron a complicada tarefa que, partindo case de cero, levou consigo a posta en marcha de toda unha infraestrutura dedicada á actividade artística. A creación de novas institucións educativas e museísticas, dunha profesionalización do sector e, por suposto, dun coleccionismo tanto público como privado foron síntomas da homologación democrática e cultural do noso país no contexto internacional. Esta importante transformación da esfera da arte, tras a crise de 2008 e as súas consecuencias, semella esmorecer e solaparse a favor doutros intereses máis urxentes no desenvolvemento da vida política e social. A arte é un dos factores máis febles desta estrutura e, por conseguinte, do coleccionismo tanto público, corporativo como privado.

Propiciar un escenario no que reflexionar e debater sobre as múltiples facetas que o coleccionismo acada dentro do sistema da arte contemporánea motivou á Sección a organizar estas xornadas.

Isto lévanos a preguntar: Por que se colecciona a arte contemporánea? Cales son os móbiles que nos incitan a mercar obras de arte? Cales son as directrices dunha colección?

Sen dúbida, a intuición e o coñecemento son elementos básicos de toda colección. E, como xa foi sinalado, o acto de coleccionar modifica sempre non só aos seus protagonistas directos —sexa o museo, o coleccionista e, mesmo, o autor da obra— senón que tamén inflúe nos que os rodean.

Os coleccionistas privados engaden, á marxe destas mesmas razóns, o desexo, o íntimo interese que cada obra esperta e o pracer de gozar da súa posesión. Non hai que esquecer que, en ocasións, existen outras razóns que resultan dabondo importantes, como o prestixio social que reporta unha colección, ademais do posible rendemento financeiro.

Pero, en todo caso, construír unha colección sempre supón crear un relato, aínda que este pode ser moi diverso, ter un percorrido temporal maior ou menor, unha máis ampla capacidade conceptual ou reflexiva. Se non existe ese relato, ese fío condutor, non hai unha colección senón unha suma de elementos con maior ou menor valor. Un relato que, cando falamos dun coleccionismo público, debe ter en conta aspectos como a historia e a identidade; o investimento e a creación patrimonial, cando se trata dun coleccionismo empresarial, e, finalmente, un compoñente máis pasional, sen obviar unha dose de pragmatismo, cando nos referimos a un coleccionismo privado.

Pero coleccionar é unha actividade que require tempo e aprendizaxe, chega a ser para moitos unha forma de entender a vida.

Tomando como referencia estas e outras cuestións, as xornadas ARTE + COLECCIONISMO supuxeron un enriquecedor foro de debate e reflexión grazas ás achegas de profesionais como Alfonso de la Torre, Mercedes Basso, José Blanco, Gabriel Pérez-Barreiro, Guillermo de Osma ou Pilar Citoler, entre outros, que, nas últimas décadas, están a desenvolver o seu traballo ao redor do coleccionismo. Responsables de coleccións públicas e privadas, galeristas e coleccionistas achegaron a súa experiencia ao coñecemento de ámbitos como a xestión dunha colección, o papel de apoio á creación artística ou a necesidade de crear unha cultura do coleccionismo; cuestións todas elas aínda pouco arraigadas e asumidas na súa importancia pola sociedade, especialmente en Galicia.

Ao mesmo tempo, cuestións aínda pendentes, como o establecemento dunha lei de mecenado que facilite a mellora de marcos fiscais e legais ou o recoñecemento do valor cultural e social do coleccionismo para calquera comunidade, contribuíron a enriquecer unha reflexión sobre a situación actual e os parámetros que deben rexer o futuro dunha actividade fundamental na armazón do sistema artístico.

As xornadas ARTE + COLECCIONISMO foron, en definitiva, unha primeira e necesaria contribución ao presente e ao futuro do coleccionismo de arte no século XXI, tanto dentro como fóra de Galicia. Unha posta en valor do coleccionista, do seu papel de mecenado e, polo tanto, da súa capacidade de converter o futuro en historia, sen o que é difícil entender o valor da arte e da cultura para un país.

As editoras